

TRABADA (SANTA MARÍA)


Pertencente á diocese Mondoñedo-Ferrol, atópase delimitada por Fórnea e Vidal ó Norte,



Vilapena e Asturias ó Sur, Sante ó Leste e o concello de Lourenzá ó Oeste. Conta con 510 habitantes asentados nas entidades de poboación de A Abaira, Barreiros, A Cabana, A Cachopa, Canle, O Carballo, O Chao do Sevil, O Chao dos Nabais, Cima de Vila, Cotarelo, O Coto, A Ermida, A Escanarega, Espín, Fondo de Vila, Fontán, Foxos, A Granxa, A Lagoa, Lamelas, As Lóngaras, Mozandeo, Muín Queimado, A Órrea, O Outeiro, O Pacio, O Parladoiro, Paocabaleiro, A Penela, O Pibidal, Ponte Gorda, O Pontigal, O Porto do Malle, Redondo, Rego Rubio, A Ribela, O Río, Santo Estevo, Soenlle, Trabada (capitalidade do municipio), A Trapa, Vilapercide, O Vilar e Xuga.

A FÓRNEA (SANTO ESTEVO)

Dependente da diocese Mondoñedo-Ferrol. Limita ó Norte co concello de Barreiros, ó sur coa parroquia de Trabada; con Vidal polo Leste e o concello de Barreiros polo Oeste.



Conta con 106 habitantes na única entidade de poboación da Fórnea. Dista 6 Km da capitalidade municipal.

RÍA DE ABRES (SANTIAGO)

Pertence eclesiasticamente á diócese de Oviedo. Delimita coa Valboa ao Norte, Sante e Asturias ó Sur, Asturias ó Leste e Valboa e Sante ó Oeste. Dispón dun censo de 196 habitantes repartidos nas



entidades poboacionais de : O Acevedo, A Boca de Canle, A Casanova, O Follabal, Leirado, Pacios, Pedrido, A Rabexa, Rielo, San Martiño, A Veiga e Vilafernando. Dista 11,5 Km da capitalidade municipal. Crúzaa a estrada N-640 e báña o río Eo.

SANTE (XAN XIAO)

Eclesiasticamente pertence á diócese Mondoñedo-Ferrol. Linda coa Valboa ao Norte, Asturias ó Sur;A Valboa, Ría de Abres e



Asturias ó Leste e Trabada ó Oeste. Dispón dunha poboación de 276 habitantes nas entidades

de O Barreiro, Carballal, A Casanova, O Castro, O Cómaro Gordo, Dongo, A Forcada, A Igrexa, As Lamas, Lendecoira, Loureiro, Louro, Lousada, Margaride, O Monte, A Mota, Olgueira, O Pedregal, Pedroselle, Pena Cova, Pena Quente, Piago Negro, Prado, O Rego, A Retorta, Río Trabada, Santarredeiro, Sueiro, Trabadela e Vilarbetote. Dista 9 Km da capitalidade municipal. Os ríos Eo, Trabada e Vidal e o monte O Navallo (361 m.) son os seus principais accidentes xeográficos.

A VALBOA (SANTA MARÍA MAGDALENA)



Pertence á diócese de Mondoñedo-Ferrol. Delimitada por Ribadeo ao Norte, Ría de Abres e Sante ó Sur, Asturias ó Leste e Vidalao Oeste. Ten 141 habitantes nas seguintes entidades de poboación: Biduedo, As Cabanas, Os Carrís, O Casal, A Corredoira, Francas, A Igrexa, A Lavandeira, Os Pozos, Rego do Galo, Rego Corto, O Salgueiro, Sequeiro e Vilafernando. Dista 9 Km da capitalidade municipal.

VIDAL (SAN MATEO)

Pertence eclesiasticamente a diócese de Mondoñedo-Ferrol. Delimitada por Ribadeo ó Norte, Sante e Trabada ó Sur, A Valboa ó Leste e A Fórnea ó Oeste. Ten 76 habitantes nas entidades poboacionais de : O Campo, O Carril, O Castro, A Choza, Cima de Vila, Portela, Requeixo, Soutillán, Trástigos e O Val das Eguas. Dista 6 Km da capital do municipio.

